

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 20 DE ABRIL DE 2016.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E VINTE MINUTOS** do día **VINTE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ** e **JESUS TABOADA LÁZARA**. Asiste igualmente a concelleira **MO del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 11.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 21.- **ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**
- 31.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE SILLEDA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA **AXANTAR NA CASA**.**
- 41.- **SERVIZOS SOCIAIS.**
- 51.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.**
- 61.- **PROGRAMA OPERATIVO DO FONDO EUROPEO PARA AXUDA ÓS MAIS DESFAVORECIDOS DA UNIÓN EUROPEA (FEAD) 2014-2020.**
- 71.- **OBRAS DE **AINSTALACIÓN DUN ASCENSOR NA CASA DA CULTURA DE SILLEDA**.**
- 81.- **URBANISMO. LICENZAS.**
- 91.- **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE **ACERRAMENTO EN FACHADA DE PISTAS DE PADEL**.**

11.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do 05 de Abril de 2016.

21.- **ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

2.1.- Dase conta do escrito presentado por Manuel Benavides Otero, na calidade de Presidente do Comité Oragnizador **EQUINA 2016**, Rexistro de Entrada n1 1369, de data 06 de abril de 2016, no que indica que os vindeiros días 17, 18 e 19 de xuño terá lugar no Recinto Feiral de Silleda, e por segundo ano, as probas ecuestres do Pura Raza

Española - PRE, do Campionato de España. Xuntamente con este certame terá lugar a XVII Copa ACEGA de Doma Clásica (modelidade olímpica) e unha proba nacional Indoor de Enganches Deportivos. Por todo elo solicitan deste Concello a colaboración para esponsorizar algunha das probas de`portivas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **RESOLVE**

1.- **CONCEDER** unha subvención de trescentos euros (300,00€) ó Comité Organizador de EQUINA 2016, como colaboración para esponsorizar algunhas das probas a realizar no mencionado evento.

31.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE SILLEDA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA AXANTAR NA CASA@.

Pola Concelleira de Educación, dase conta do escrito remitido polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Banestar, Rexistro de Entrada n1 1578, de data 19 de abril de 2016, no que se da traslado, para súa aprobación, do Convenio de colaboración entre o mencionado Consorcio e o concello de silleda para o desenvolvemento do programa AXantar na Casa@ que transcríbese a continuación:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE SILLEDA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA NO CONCELLO DE SILLEDA

REUNIDOS

Dunha parte, José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segundo os estatutos que o regulan publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2006.

Doutra parte, Manuel Cuiña Fernández, actuando en representación do Concello de Silleda, en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

l.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración subscrito entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os Concellos, o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local no ámbito territorial dos entes consorciados.

II.- Que o Consorcio está a desenvolver, de acordo coas súas finalidades e competencias, o programa "Xantar na Casa", un servizo de comida a domicilio promovido e financiado pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, co que se pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, que non poden valerse por si mesmas para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

O programa Xantar na Casa artéllase a través da xestión directa por parte do Consorcio en colaboración coa Consellería de Política Social e cos concellos consorciados e forma parte do conxunto de servizos promovidos pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

Os obxectivos específicos que se queren acadar son os seguintes:

- X Proporcionar aos beneficiarios unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individual izado e profesionalizado.
- X Evitar o deterioro da calidade de vida das persoas maiores e/ou dependentes por teren unha dieta inadecuada.
- X Previr situacións de risco que se poidan producir no proceso de elaboración da comida.
- X Facilitar un respiro ás familias e aos cuidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral das mulleres .
- X Facer un seguimento e acompañamento individualizado de cada usuario/a do servizo por parte dos profesionais que acoden aos domicilios.

X

III.- Que o Concello de Silleda (en diante o Concello), adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado con data de 19 de outubro de 2007 e manifestou a súa vontade de formar parte do programa "Xantar na Casa" con data de 20 de xaneiro de 2016.

IV.- Que con base no anterior, ambas partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar un **CONVENIO DE COLABORACIÓN** para o desenvolvemento do programa "Xantar na Casa" no concello coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Silleda para o desenvolvemento do programa "Xantar na Casa" no mesmo.

SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA

Son beneficiarias do programa "Xantar na Casa" as persoas empadroadas e que sexan residentes no concello e que cumpran os seguintes requisitos:

- 1) Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidese suplir tal situación.
- 2) Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e requiren de axuda para a preparación de alimentos.
- 3) Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais do Concello.

TERCEIRA.- INCLUSIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS NO PROGRAMA

O Concello facilitará ao Consorcio no prazo de 15 días desde a sinatura do convenio e, tras a correspondente avaliación dos Servizos Sociais municipais unha relación de, como mínimo, 10 futuras persoas beneficiarias do programa, con indicación dos domicilios onde debe efectuarse a entrega, o teléfono de contacto e, no seu caso, a persoa responsable de servir a comida á persoa beneficiaria.

O programa "Xantar na casa" non se porá en marcha mentres non se cumpra por parte do Concello o expresado no parágrafo precedente.

Unha vez iniciada a prestación do servizo, o Concello comunicará ao Consorcio as altas ou baixas das persoas beneficiarias do mesmo nun prazo non superior a 15 días desde o momento en que estas se produzan, deben de garantir durante a vixencia do programa un número mínimo de 10 persoas beneficiarias.

No caso de producirse unha baixa no servizo deberá producirse a comunicación dunha nova alta nun prazo non superior a un mes.

CUARTA.- DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA

O Consorcio desenvolverá o programa "Xantar na Casa" no Concello de Silleda segundo a relación de persoas usuarias facilitada polo concello consonte ao previsto no parágrafo 10 da cláusula anterior.

O Consorcio garantirá ás persoas beneficiarias do programa a entrega, cando menos, unha vez á semana no domicilio indicado, do xantar para os sete días da semana durante o período en que se atopen de alta no servizo.

A alimentación dos usuarios será completa e equilibrada, variada e adaptada ás súas necesidades, os seus gustos e hábitos. Todos os menús estarán supervisados por persoas técnicas especialistas en nutrición. Realizarase un inquérito de calidade con carácter periódico.

O Consorcio facilitará ademais os medios necesarios para o remonte calorífico dos xantares, así como as instrucións sobre o seu manexo e correcta utilización, asesorando presencial e/ou telefonicamente ás persoas usuarias de cantas circunstancias concorran no servizo.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, o Concello facilitará ás persoas beneficiarias a información necesaria sobre as características, duración e custo do servizo de xantar, así como todas aquelas indicacións que sexan precisas para a correcta recepción deste.

QUINTA.- OBRIGA DE COMUNICACIÓN RECÍPROCA

O Consorcio comunicará ao Concello calquera incidencia relativa ás persoas beneficiarias que poida producirse na prestación do programa "Xantar na casa", así como calquera información relativa ao benestar elou situación persoal, física, anímica ou social da persoa beneficiaria competencia dos Servizos Sociais municipais.

O Concello está abrigado a informar, así mesmo, ao Consorcio de todas aquelas cuestións relativas ás persoas beneficiarias e que poidan incidir na prestación do servizo.

O Consorcio remitirá ao Concello un comunicado onde se consignarán as incidencias que, no seu caso, poidesen presentarse na prestación do servizo.

SEXTA.- FINANZAMENTO E PAGO

O custo máximo do servizo de xantar será de 7,5 euros por persoa e día. Desta cantidade a persoa beneficiaria achegará o 26,67%, o Concello achegará o 26,67%, e o Consorcio 46,66% restante. As achegas

do Consorcio e o Concello faranse con cargo á partida prevista aos ditos efectos nos seus respectivos orzamentos.

A parte correspondente ao Consorcio está financiada con cargo á transferencia para tal fin da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social.

Calquera bonificación á parte correspondente á achega do usuario correrá por conta do Concello, con cargo aos seus orzamentos. O Concello deberá comunicar ao Consorcio a contía da bonificación, acordando entre ambas as partes a forma de liquidación da mesma.

O Concello deberá comunicar ademais ao Consorcio todas aquelas subvencións que reciba para o financiamento da súa achega, no que se refire tanto á súa contía como á institución emisora.

O Concello aboará ao Consorcio o importe da súa achega cunha periodicidade trimestral, unha vez practicada polo Consorcio a liquidación correspondente ao dito período.

SÉTIMA.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA

O Consorcio e o Concello designarán, cada un deles, unha persoa que se responsabilizará do cumprimento da obriga de comunicación recíproca das partes referida na cláusula 5a deste convenio, e do tratamento e xestión de toda a información relativa ao desenvolvemento do programa "Xantar na Casa".

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a vixilancia e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada polo xerente do Consorcio e o Alcalde do Concello, ou persoas en quen deleguen, que se reunirá, cando menos, unha vez ao ano.

A dita comisión terá como funcións: a coordinación, avaliación, e seguimento das actuacións estipuladas neste convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha duración de un ano, entendéndose prorrogado tacitamente se non hai denuncia expresa das partes, comunicada cunha antelación de trinta días.

A vixencia do convenio quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento das partes asinantes para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No caso de impago dos custos asumidos polo Concello por un período superior a 3 meses, o Consorcio poderá rescindir o convenio, producíndose o cese da prestación do servizo no Concello.

DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implicará relación contractual ningunha entre o Consorcio e o Concello e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

O Consorcio non establecerá nin asumirá relación contractual nin laboral de ningún tipo coas persoas que por virtude da prestación deste servizo ou dun servizo de características similares o concello estivese prestando con anterioridade á sinatura deste convenio.

Así mesmo non asumirá aqueles convenios ou contratos con outras entidades ou empresas que estivesen a prestar este servizo de xeito directo ou indirecto no concello.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Consorcio e o Concello comprométense a cumprir as medidas de seguridade, en función dos datos que poidan ser calificados como datos de carácter persoal, segundo a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.

DÉCIMO TERCEIRA.- CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO

Este convenio terá carácter administrativo quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector Público, ao abeiro do disposto no artigo 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; podendo aplicarse, non obstante, os principios do devandito texto legal para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio serán resoltas, en primeira instancia, poia comisión de seguimento. Os conflitos que poidan xurdir polas partes e que non poidan ser resoltas na dita comisión someteranse á resolución da Xurisdición Contencioso-Administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

Santiago de Compostela, _ de de 2016

O PRESIDENTE DO CONSORCIO

GALEGO DE SERVIZOS DE
IGUALDADE E BENESTAR
José Manuel Rey Varela

DE

Fernández@

O ALCALDE DO CONCELLO

SILLEDA

Manuel Cuiña

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

1.- **PRESTAR APROBACIÓN** ó convenio transcrito anteriormente e comunicar este acordo ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

41.- SERVIZOS SOCIAIS.

4.1.- Dase conta do informe emitido pola Traballadora Social deste Concello, M^o del Carmen Carballo Silva, de data 15 de abril de 2016, no que se comunica a baixa no

SAF no programa de dependencia de D^o Sara Grela Criado, con domicilio no lugar de Pedrouzo, n^o 7 - Grava, por pasamento.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta baixa.

4.2.- Acordos de Emerxencia Social.

A proposta da Sra. Conselleira, e cos informes preceptivos da traballadora social do Concello, M^o Celia González Peteiro, de data 15 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **F. L. D. P.**, NIE n^o *****, por importe de 157,78 _ como pago delegado das facturas de:

- Carlos Maril Yáñez (Bar Maril):
 - Factura n^o 6 de 05.04.16 por importe de 70,00 _
 - Factura n^o 9 de 14.04.16 por importe de 60,00 _
- Santiago López Fernández (Eurotaxi Silleda):
 - Factura n^o 18 de 15.04.16 por importe de 27,78 _

4.3.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia de M^o Jesús Cando Cacheda.

Dase conta do informe social elaborado por M^o del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 18 de abril de 2016, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, de:

Nome a Apelido	Enderezo
M^o Jesús Canedo Cacheda	Manduas, 7 (Silleda)

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia, a **M^o Jesús Canedo Cacheda** segundo informe da Traballadora Social, de data 18 de abril de 2016.

51.- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.

Visto o escrito remitido pola Fundación Amigos de Galicia, de data 01 de abril de 2016, no que se solicita a renovación do convenio de colaboración para o ano 2016, do

asinado en data 02 de marzo de 2015, dentro do **Plan Integral para a Integración Social e contra a Exclusión - Atención Prioritaria Infancia**.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA** a renovación para o ano 2016 do convenio suscrito en data 02 de marzo de 2015.

61.- PROGRAMA OPERATIVO DO FONDO EUROPEO PARA AXUDA ÓS MAIS DESFAVORECIDOS DA UNIÓN EUROPEA (FEAD) 2014-2020.

Vista a memoria do Programa Operativo do Fondo Europeo para Axuda ós mais desfavorecidos da Unión Europea (FEAD) 2014-2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

Solicitar a participación no mesmo como Organización Asociada de Reparto (OAR) no Programa 2016 de Axuda Alimentaria as persoas mais desfavorecidas.

71.- OBRAS DE INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NA CASA DA CULTURA DE SILLEDA.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 01 de setembro de 2015 adjudicouse a ENDENOR Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L. a realización da obra "Instalación ascensor na Casa da Cultura de Silleda"(PPOS/15).

Visto o escrito presentado pola adjudicataria de data 30 de decembro de 2015, Rexistro de Entrada n^o 1589, de data 19 de abril de 2016, no que solicítase unha prórroga para a execución da obra de cinco (5) meses, ata o 25 de maio de 2016, para o que adxunta informe do director das obras, José Antonio Presas Ferreiro, arquitecto técnico municipal, de data 30 de decembro de 2015, explicando os motivos da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

A concesión da prórroga solicitada para a execución da obra "Instalación ascensor na Casa da Cultura de Silleda"(PPOS/15).

81.- URBANISMO. LICENZAS.

8.1.- Licencia de Actividade: Ferretería e Venda polo miúdo de electrodomésticos e mobles, na rúa Progreso, n^o 45 e rúa Morrón n^o 22 (Silleda), solicitado por JOSÉ LUIS VALIÑO VILA.

Visto o expediente instruído a instancia de D1 JOSÉ LUIS VALIÑO VILA, solicitando Licencia para Ferretería e Venda polo miúdo de electrodomésticos e mobles, na rúa Progreso, n1 45 e rúa Morrón n1 22 (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 14 de novembro de 2014 acorda:

A1.1.- Solicitude de licenza de actividade de ferretería e venda polo miúdo de electrodomésticos e mobles, na rúa Progreso, n1 45 e rúa Morón n1 22 (Silleda), solicitado por JOSÉ LUIS VALIÑO VILA.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Don JOSÉ LUIS VALIÑO VILA, Rexistro de Entrada n1 3505 de data 11 de agosto de 2014, para unha actividade de ferretería e venda polo miúdo de electrodomésticos e mobles, na rúa Progreso, n1 45 e rúa Morón n1 22 (Silleda), referencia catastral 1881019NH6218S0001AG, en base ao proxecto redactado por D^a María José García Fidalgo, Arquitecta col. 4357.

Visto que con data 31 de outubro de 2014, polo Secretario da Corporación emítese informe xurídico, no que mostra a súa conformidade có expresado no informe técnico.

Visto o informe emitido o 31 de outubro de 2014 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil que literalmente dí:

A Solicitante José Luis Valiño Vila

Data de rexistro 11.AGO.2014 N1 3505 Data escrito 11.AGO.2014

Solicitude Actividade de ferretería e venda polo miúdo de electrodomésticos e mobles

Tipo de Solicitude Actividade

Emprazamento Rúa Progreso, n1 45 e rúa Morón, n1 22. Silleda

Referencia catastral 1881019NH6218S0001AG

Autor do Proxecto María José García Fidalgo, arquitecta col. 4357

Proxecto De Actividade Visado polo Colexio Oficial 29.09.2014

Exposición pública BOP DOGA Prensa

Orzamento (P.E.M.) 4.356,74 _ P.E.M. segundo Mbc ano 2010: _

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).

2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).

3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro

4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.

- 6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 7 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 15 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 16 Planeamento do Concello de Silleda
 - 16.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 16.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 16.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 16.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 16.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 16.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 - 16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 - 16.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 - 16.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012
- 17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. O día 27 de outubro de 2014 amósanse 12 expedientes para a redacción de informe técnico, entre os que se atopa a solicitude de licenza asinada por José Luis Valiño Vila, presentada con R.E. 3505 de 11.AGO.2014. Aporta 2 copias de proxecto técnico asinado por María José García Fidalgo, arquitecta col. 4357. Posteriormente, con data 7 de outubro de 2014 (r.e. 4376) a arquitecta redactora aporta copia visada da memoria (visado n.º 1406481,1 de 29.09.2014) que se xunta ao expediente e sobre o que se emite o presente informe técnico.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico. No acordo de aprobación establécese o seguinte réxime de suspensión de licenzas :

"(...)

Visto o escrito e plano remitido polo equipo redactor propónse ao pleno rectificar o acordo plenario adoptado quedando redactado do seguinte xeito:

As áreas afectadas pola suspensión (para obras maiores), que se atopan delimitadas no plano adxunto, serán os solos urbanos de Silleda e Bandeira, o solo urbanizable delimitado industrial e os núcleos rurais. Para os solos clasificados como rústico de protección ordinaria e o polígono industrial da área 33 non se suspenden as licenzas. Para o restante solo do concello

clasificado polo Plan Xeral, suspenderanse as licenzas naqueles casos en que as determinacións do PXOM supoñan modificación da ordenación urbanística vixente."

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenzas municipais de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo urbano, ordenanza Edificación Cerrada E.C.** Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 deste informe, o ámbito onde se pretende a **Actividade de ferretería e venda polo miúdo de electrodomésticos e mobles**, está clasificado como **solo urbano, Ordenanza 2.** En aplicación do réxime de suspensión de licenzas, a xuízo deste arquitecto, **non esta actuación está sometida á suspensión**, posto que se trata de obras menores de acondicionamento interior do local, xunto coa memoria de actividade do mesmo, que non están sometidas a suspensión, salvo mellor criterio.

5. O uso que se pretende, segundo se desprende do punto 05 da memoria, é o seguinte:
"La actividad que se pretende desarrollar se puede describir como una actividad terciaria de venta al público de ferretería, electrodomésticos y muebles"

6. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **comercial: "ART. 118.- DEFINICION: 1.- Se define como Uso Comercial el correspondiente a edificios de servicio directo al público destinados a la compra-venta o permuta de mercancías de todas clases, incluido el almacenamiento de las mismas. (...). Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o art. 18 do nomeado PXOM,**

7. Canto ao planeamento aprobado inicialmente (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico), no **Artigo 287.- Condicións de uso, da Subsección 30.- Ordenanza 2 (O-2).- Residencial en Quinteiro Pechado** atópase o seguinte:

c) COMERCIAL: Categorías: C-10, C-20 e C-30.

7.1 No **Artigo 83.- Definición, categorías e localización**, describíense as categorías

c) C-30: GALERÍAS, CENTROS COMERCIAIS E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ATA 1.500 M2.

7.2 **Do que se conclúe que este uso tamén é admisible dentro deste ámbito segundo este planeamento.**

8. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación ambiental.**

9. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.**

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido **no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

12. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

13. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e propónse para a concesión de licenzia municipal de obra e provisional de actividade. @

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

*PRIMEIRO: A concesión da **licenzia de obra solicitada, e a licenzia provisional de actividade, CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o arquitecto no informe anteriormente transcrito, non podendo començar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva de actividade.*

Prazos para o inicio e terminación das obras: Non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. Poderase conceder prórroga dos referidos prazos da licenzia por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenzia sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no intre de concesión da prórroga.

SEGUNDO.- Será requisito indispensable dispoñer xunto á obra, de copia autorizada da licenzia municipal, e colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, a data de expedición da licenzia, o prazo de execución das obras, o número de prantas autorizadas e o número de expediente.

TERCERO.- A presente licenzia concédese salvo dereito de propiedade e sen perxucio de terceiros.

CUARTO.- Unha vez rematadas as obras, deberá presentar ante o concello certificación final das obras suscrita por técnico competente con visado colegial, Asimesmo con anterioridade á apertura do establecemento deberá solicitar ao concello, ao amparo do disposto no Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental, visita de comprobación a fin de verificar se as instalacións se axustan ao proxecto presentado e se se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na concesión da licenzia.

QUINTO.- Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Imposto sobre construcións, instalación e obras por importe de 98,03 _

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos e 2.1 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 60,00 euros.

SÉXTO.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

SÉTIMO.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en BANCO SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

OITAVO.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).@

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 30 de marzo de 2016, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro e o titular da actividade, José Luis Valiño Vila, que literalmente dí:

ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS

Actividade: "Licenza de actividade de ferretería e venda polo miúdo de electrodomésticos e mobles, na rúa Progreso, n.º 145 e rúa Morón n.º 22 (Silleda), solicitado por JOSÉ LUIS VALIÑO VILA."

Certificación: Según CERTIFICADO FINAL DE OBRA, do técnico redactor do PROXECTO e director da obra Doña María José García Fidalgo e con ENTRADA: Concello de SILLEDA:

Data: 20-novembro-2015
Núm. de rexistra: 6316

Titular da actividade: D. JOSÉ LUIS VALIÑO VILA.

No termo municipal de SILLEDA, persónase ás 13:00 horas do día 15 de marzo ano 2016, o Arquitecto Técnico Municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, e efectua a visita de comprobación demandada polo interesado e referida á licenza municipal según Comisión de Goberno do día 12 de novembro de 2014, no domicilio citado, en presenza de D. José Luis Valiño Vila con D.N.I. 76.797.485-L

Procedese, en primeira lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICADO FINAL DE OBRA, de fecha 22-10-2.015 e certificado de colegiación, asinado pala arquitecta Doña María José García Fidalgo.

A continuación examínase si se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na licenza e conséntanse visualmente que as medidas correctoras foran adoptadas.

De todo isto resulta que **SI** pode iniciarse a actividade de "Ferretería e venda polo miúdo de electrodomésticos e mobles."

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación de data 30 de marzo de 2016 e o acordo da Xunta de Goberno Local do 12 de novembro de 2014 acorda:

Primeiro.- A concesión de licenza de actividade definitiva a JOSÉ LUIS VALIÑO VILA, para ferretería e venda polo miúdo de electrodomésticos e mobles, na rúa Progreso, n1 45 e rúa Morón n1 22 (Silleda)

Segundo.- Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos e 2.4 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 60,00 euros que xa foron satisfeitas pola peticionaria mediante pago realizado o 8 de outubro de 2016.

Terceiro.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

91.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE ACERRAMENTO EN FACHADA DE PISTAS DE PADEL@.

Visto que o Concello solicitou unha subvención a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e que a necesidade da actuación que se pretende está xustificada no expediente de solicitude de subvención, concretamente na memoria de necesidades asinada polo Alcalde en data 2 de xaneiro de 2016.

Visto o proxecto redactado pola Arquitecta D^o María José García Fidalgo, aprobado por resolución da Alcaldía de data 18 de xaneiro de 2016.

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, como contrato menor de obras, cunha subvención por importe de 33.057,85 _ da obra **ACerramento en fachada de pistas de padel@**.

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 40.000 _(33.057,85 _ + IVE) o gasto que para este Concello representa a contratación da obra como contrato menor, con cargo á aplicación orzamentaria 342.609, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Nomear como Director das Obras ó Arquitecto municipal, D¹ Lino Manuel Doporto Framil.

CUARTO.- Solicitar ofertas ás seguintes empresas, escollidas de común acordo polo Alcalde e os Concelleiros presentes, por considerarlas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

- Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
- Construcciones Míguez Xestoso S.L.
- Endenor, Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e trinta, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 20 de Abril de 2016

V1 e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga